

en primeira instancia polos tribunais económico-administrativos rexionais e locais.

d) Dos recursos extraordinarios de revisión e dos dealzada que se interpoñan para unificación de criterio.»

Dos. Artigo 6, apartado 1.

«Os tribunais económico-administrativos rexionais e locais coñecerán:

a) En única instancia, das reclamacións que se interpoñan contra os actos administrativos dictados polos órganos periféricos da Administración xeral do Estado, da Axencia Estatal de Administración Tributaria e das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado e polos órganos da Administración das comunidades autónomas non comprendidos na letra a) do artigo anterior, cando a contía da reclamación sexa igual ou inferior ó valor que se fixe regulamentariamente.

b) En primeira instancia, das reclamacións que se interpoñan contra os actos administrativos dictados polos órganos mencionados no parágrafo anterior, cando a contía da reclamación sexa superior ó valor que se fixe regulamentariamente.»

Disposición derradeira terceira. *Contía nas reclamacións económico-administrativas.*

Con efectos para as reclamacións económico-administrativas que se interpoñan a partir da entrada en vigor da presente lei, las contías a que se refiren as letras a) e b) do apartado 2 do artigo 10 do Real decreto 391/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de procedemento nas reclamacións económico-administrativas, quedan fixadas en 25.000.000 e 300.000.000 de pesetas, respectivamente.

Disposición derradeira cuarta. *Conta corrente tributaria.*

Nun prazo de tres meses desde a aprobación da presente lei, o Goberno, mediante real decreto, regulará un sistema de conta corrente tributaria, con obxecto de conseguir unha maior eficacia na compensación de débedas e créditos tributarios.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento da lei.*

Autorízase ó Goberno, por proposta do ministro de Economía e Facenda, para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da presente lei.

Disposición derradeira sexta.

O artigo 15 da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, queda redactado como segue:

«1. As infraccións administrativas de contrabando prescriben ós catro anos contados desde o día da súa comisión.

2. As sancións impostas por infraccións administrativas de contrabando prescriben ós catro anos contados desde o día seguinte a aquel en que adquiera firmeza a resolución pola que se impón a sanción.»

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

1. A presente lei entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. O disposto no artigo 24 da presente lei, a nova redacción dada ó artigo 64 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, e a nova redacción dada ó artigo 15 da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de febreiro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

4769 *REAL DECRETO-LEI 1/1998, do 27 de febreiro, sobre infraestructuras comúns nos edificios para o acceso ós servizos de telecomunicación. («BOE» 51, de 28-2-1998.)*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A constante evolución das telecomunicacións fai necesario o desenvolvemento dun novo marco lexislativo en materia de infraestructuras comúns para o acceso ós servizos de telecomunicación que, desde unha perspectiva de libre competencia, permita dota-los edificios de instalacións suficientes para atende-los servizos creados con posterioridade á Lei 49/1966, do 23 de xullo, sobre antenas colectivas, como son os de televisión por satélite e telecomunicacións por cable. Igualmente, débense planifica-las infraestructuras de tal xeito que permitan a súa adaptación a servizos de implantación futura con normas reguladoras que xa foron adoptadas no seo da Unión Europea.

As tecnoloxías dispoñibles actualmente ampliaron notablemente a oferta de programas de televisión e radiodifusión sonora e doutros servizos de telecomunicación, polo que cómpre instrumentar medios para que os propietarios de pisos ou locais suxeitos ó réxime de propiedade horizontal e os arrendatarios de todo ou parte dun edificio poidan acceder a estas ofertas, evitando a proliferación de sistemas individuais e cableados exteriores nas novas construcións, que afectarían negativamente a súa estética. Por outra banda, cómpre facilitar, no seo das comunidades de propietarios, os mecanismos legais para a implantación destes sistemas que permitan a prestación dos novos servizos e a introducción das novas tecnoloxías.

A urxencia na aprobación desta norma deriva, precisamente, da necesidade de dota-los usuarios, nun momento no que é patente a rápida diversificación da oferta nos servizos de telecomunicacións, dos medios xurídicos que garantan a efectividade do dereito a optar entre os diferentes servizos. Ademais, deséxase remover, coa axilidade requirida polo desenvolvemento tecnolóxico e a diversidade de empresas prestadoras de servizos concorrentes no mercado, os atrancos para que estas poidan actuar nel en condicións de igualdade. É imprescindible que tódolos operadores contén coas mesmas oportunidades de acceso ós usuarios como potenciais clientes dos seus servizos.

Ademais, a urxencia da norma deriva da necesidade de lles facilitar, sen dilación, ós usuarios dos servizos de telecomunicacións, tanto de radiodifusión e televisión como interactivos, a eficacia do artigo 20.1.d) da Constitución, permitíndolles elixir entre os distintos medios que lles faciliten información. Deséxase suprimir cantos obstáculos poidan dificultar-la recepción de información

plural e, ademais, permitir que os cidadáns poidan beneficiarse, de maneira inmediata, dos novos servizos de telecomunicacións que se lles ofrezan.

Recoñecendo a complexidade da regulación necesaria para lograr este dobre obxectivo, a finalidade do presente Real Decreto-lei é, unicamente, establecer o marco xurídico que lles garanta ós copropietarios dos edificios en réxime de propiedade horizontal e, se é o caso, ós arrendatarios, o acceso ós servizos de telecomunicación.

O título prevalente que funda a competencia do Estado para dicta-lo Real Decreto-lei é o recollido no artigo 149.1.21.^a da Constitución Española, que lle outorga a aquel competencia para a regulación do réxime xurídico das telecomunicacións. Ademais, o Real Decreto-lei afecta ó marco xurídico establecido pola Lei 49/1960, do 21 de xullo, de Propiedade Horizontal, ó regular dereitos e obrigas dos copropietarios de edificios suxeitos a ela, e, xa que logo, dítase, tamén, en exercicio da competencia estatal en materia de lexislación civil á que se refire o artigo 149.1.8.^a da Constitución.

Na súa virtude, por proposta do Ministro de Fomento, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión celebrada o día 27 de febreiro de 1998 e en uso da autorización concedida polo artigo 86 da Constitución,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e definición.*

1. Este Real Decreto-lei ten por obxecto establecer o réxime xurídico das infraestruturas comúns de acceso ós servizos de telecomunicación no interior dos edificios e recoñece-lo dereito dos seus copropietarios en réxime de propiedade horizontal e, se é o caso, dos arrendatarios de todo ou parte daqueles, a instalaren as referidas infraestruturas, conectárense a elas ou adaptaren as existentes.

2. Para os efectos do presente Real Decreto-lei, enténdese por infraestrutura común de acceso a servizos de telecomunicación, a que exista ou se instale nos edificios para cumprir, como mínimo, as seguintes funcións:

a) A captación e a adaptación dos sinais de radiodifusión sonora e televisión terreal, e a súa distribución ata puntos de conexión situados nas distintas vivendas ou locais do edificio, e a distribución dos sinais de televisión e radiodifusión sonora por satélite ata os citados puntos de conexión. Os sinais de radiodifusión sonora e de televisión terreal susceptibles de seren captadas, adaptadas e distribuídas, serán as difundidas, dentro do ámbito territorial correspondente, polas entidades habilitadas.

b) Proporcionar acceso ó servizo telefónico básico e ó servizo de telecomunicacións por cable, mediante a infraestrutura necesaria para permiti-la conexión das distintas vivendas ou locais do edificio ás redes dos operadores habilitados.

3. Tamén terá a consideración de infraestrutura común de acceso ós servizos de telecomunicación a que, non cumprindo inicialmente as funcións indicadas na alínea anterior, fose adaptada para cumprilas. A adaptación poderá levarse a cabo, na medida en que resulte indispensable, mediante a construción dunha infraestrutura adicional á preexistente.

4. Aqueles conceptos que non se atopan expresamente definidos no presente Real Decreto-lei terán o significado que lles atribúe a lexislación en materia de telecomunicacións e, supletoriamente, o Regulamento de Radiocomunicacións anexo ó Convenio da Unión Internacional de Telecomunicacións.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As normas contidas neste Real Decreto-lei aplicaranse:

a) A tódolos edificios de uso residencial ou non, sexan ou non de nova construción, que estean acollidos, ou deban acollerse, ó réxime de propiedade horizontal regulado pola Lei 49/1960, do 21 de xullo, de Propiedade Horizontal.

b) Ós edificios que, en todo ou en parte, fosen ou sexan obxecto de arrendamento por prazo superior a un ano, agás os que alberguen unha soa vivenda.

Artigo 3. *Instalación obrigatoria das infraestruturas reguladas neste Real Decreto-lei en edificios de nova construción.*

1. A partir da data de entrada en vigor do presente Real Decreto-lei, non se concederá autorización para a construción ou rehabilitación integral de ningún edificio dos referidos no artigo 2, se ó correspondente proxecto arquitectónico non se une o que prevega a instalación dunha infraestrutura común propia. Esta infraestrutura deberá reuni-las condicións técnicas adecuadas para cumprir, cando menos, as funcións indicadas no artigo 1.2 deste Real Decreto-lei, sen prexuízo do que se determine nas normas que, en cada momento, se dicten no seu desenvolvemento.

2. Toda edificación comprendida no ámbito de aplicación deste Real Decreto-lei e que fose rematada despois de transcorridos oito meses desde a súa entrada en vigor deberá contar coas infraestruturas comúns de acceso a servizos de telecomunicación indicadas no artigo 1.2, con suxeición ás previsións establecidas neste.

3. Os gastos necesarios para a instalación das infraestruturas que este Real Decreto-lei regula deberán estar incluídos no custo total da construción.

Artigo 4. *Instalación da infraestrutura nos edificios xa construídos.*

1. Cando a comunidade de propietarios ou o propietario dun edificio incluído no ámbito de aplicación deste Real Decreto-lei e que estea concluído, ou se conclúa antes de transcorridos oito meses desde a súa entrada en vigor, decidan a instalación dunha infraestrutura común de acceso a servizos de telecomunicación ou a adaptación da existente, notificaránllelo por escrito ós propietarios dos pisos ou locais ou, se é o caso, ós arrendatarios, polo menos con dous meses de antelación á data do comezo das obras encamiñadas á instalación ou adaptación. Respecto da comunidade de propietarios, o acordo no seu seo deberá ser aprobado, en xunta de propietarios, por un tercio dos seus integrantes que representen, pola súa vez, un tercio das cotas de participación nos elementos comúns.

2. En caso de que a decisión para a instalación da infraestrutura común de acceso a servizos de telecomunicación ou para o axeitamento da existente, se adopte sen consentimento do propietario ou, se é o caso, do arrendatario dun piso ou local, a comunidade de propietarios ou, se é o caso, o propietario non poderán repercutir neles o seu custo. Non obstante, se, con posterioridade, aqueles solicitasen o acceso a servizos de telecomunicacións que para a súa subministración requirían aproveita-las novas infraestruturas ou as adaptacións realizadas nas preexistentes, poderá autorizárelles, sempre que aboen o importe que lles corresponder, debidamente actualizado, aplicando o correspondente xuro legal.

3. A repercusión do custo da nova infraestrutura ou do axeitamento da preexistente polo propietario dun

edificio ou parte del nos arrendatarios será realizada, desde o mes seguinte a aquel no que se leven a cabo, na contía e proporción previstas no artigo 19 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos.

Sen embargo, se os que solicitasen a instalación ou a adaptación da infraestrutura ó propietario fosen, consonte o previsto neste Real Decreto-lei, os arrendatarios, será pola súa conta o gasto que aquelas representen. Neste último caso, ó concluí-lo arrendamento, a infraestrutura instalada ou adaptada quedará no edificio ó dispor do seu propietario.

Artigo 5. *Conservación da infraestrutura.*

1. Respecto da comunidade de propietarios, aplícarase o previsto no artigo 10 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre Propiedade Horizontal, en canto ó mantemento dos elementos, pertencenzas e servizos comúns.

2. A conservación das infraestruturas en edificios arrendados aplicaráselle o artigo 21 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos, salvo que a instalación fose solicitada polos arrendatarios, en tal caso os gastos que se produzan serán por conta destes.

Artigo 6. *Obriga de instalación da infraestrutura.*

1. Será obrigatoria a instalación da infraestrutura regulada neste Real Decreto-lei nas edificacións xa concluídas antes da súa entrada en vigor ou que se conclúan no prazo de oito meses desde que esta se produza, se concorre algunha das seguintes circunstancias:

a) Que o número de antenas instaladas, individuais ou colectivas, para a prestación de servizos incluídos no artigo 1.2, sexa superior a un tercio do número de vivendas e locais. Neste caso, aquelas deberán ser substituídas, dentro dos seis meses seguintes á entrada en vigor deste Real Decreto-lei, por unha infraestrutura común de acceso a servizos de telecomunicacións. Se se superase o límite referido despois da citada entrada en vigor, o prazo de seis meses computarase desde o día en que se produza esa circunstancia.

Será por conta dos que teñan instaladas as antenas para a recepción de servizos, o custo da infraestrutura, da súa instalación e da retirada da preexistente, sen prexuízo de que se se beneficiase da nova infraestrutura algún outro propietario de piso ou local ou, se é o caso, algún arrendatario do edificio, deberán estes participar no custo, na proporción correspondente.

b) Que a Administración competente, de acordo coa normativa vixente que resulte aplicable, considere perigosa ou antiestética a colocación de antenas individuais nun edificio. Neste suposto, os que desexen a recepción dos servizos, ós que se refire o artigo 1.2 deste Real Decreto-lei, deberán sufraga-lo custo de instalación da infraestrutura, sen prexuízo de repercutir nos propietarios dos demais pisos ou locais ou, se é o caso, nos arrendatarios o importe do investimento, na proporción correspondente, se estes solicitasen servirse daquela.

2. Non se terá que instala-la devandita infraestrutura naqueles edificios construídos que non reúnan condicións para soportala, de acordo co informe emitido ó respecto pola Administración competente.

Artigo 7. *Consideración da nova infraestrutura e retirada da preexistente.*

1. No caso de que se realice a instalación dunha infraestrutura por concorrer algunha das causas previstas nos artigos precedentes, esta pasará a formar parte do edificio, como un elemento común del. A infraes-

trutura instalada deberá cumprir tódalas especificacións técnicas de calidade e seguridade esixidas pola normativa vixente sobre construción e, en especial, pola reguladora da compatibilidade daquelas coas instalacións de subministración de auga, gas e electricidade.

2. Unha vez finalizada a instalación da infraestrutura e comprobado que permite a recepción dos servizos para os que foi instalada, a comunidade de propietarios retirará os elementos dos sistemas individuais de telecomunicación que facilitaban a recepción deses mesmos servizos. A retirada será realizada en presenza dos propietarios dos citados elementos, se estes así o solicitasen.

Artigo 8. *Garantía de continuidade na recepción dos servizos.*

A comunidade de propietarios ou, se é o caso, o propietario do edificio, tomarán as medidas oportunas tendentes a lles asegurar a aqueles que teñan instalacións individuais, a normal utilización destas durante a construción da nova infraestrutura e en tanto esta non se encontre en perfecto estado de funcionamento. Aplícarase a mesma regra en caso de que se produza a adaptación da infraestrutura preexistente, ó establecido no artigo 1 deste Real Decreto-lei.

Artigo 9. *Dereito dos copropietarios ou arrendatarios ó acceso ós servizos e garantía do posible uso compartido da infraestrutura.*

1. Os copropietarios dun edificio en réxime de propiedade horizontal ou, se é o caso, os arrendatarios terán dereito a acceder ós servizos de telecomunicacións distintos dos indicados no artigo 1.2, a través da instalación común realizada consonte este Real Decreto-lei, se tecnicamente resultase posible a súa adaptación, ou a través de sistemas individuais.

Igualmente, calquera copropietario dun edificio en réxime de propiedade horizontal ou, se é o caso, calquera arrendatario de todo ou parte dun edificio terán dereito, pola súa conta e en caso de que non exista unha infraestrutura común nel, a instalar esta. Tamén poderán realiza-la adaptación da infraestrutura xa existente no edificio ó establecido no artigo 1.2 deste Real Decreto-lei.

Para levar a cabo o previsto neste artigo, os copropietarios ou os arrendatarios poderán aproveitarse non só dos elementos privativos, senón tamén dos comúns dos inmobles, sempre que non menoscaben a infraestrutura que existise nos edificios e non interfiran nin modifiquen os sinais correspondentes a servizos que previamente contratasen outros usuarios.

2. Nos supostos establecidos na anterior alínea, cando o propietario dun piso ou local, ou, se é o caso, un arrendatario, desexe recibila prestación dun servizo de telecomunicación ó que se puidese acceder a través dunha infraestrutura determinada, deberallo comunicar ó presidente da comunidade de propietarios ou, se é o caso, ó propietario do edificio, antes de iniciar calquera obra con tal finalidade. O presidente da comunidade de propietarios ou o propietario deberanlle contestar antes de quince días desde que a comunicación se produza, aplicándose, segundo proceda, as seguintes regras:

a) En caso de que exista xa no edificio esa infraestrutura ou, antes de que transcorran tres meses desde que a comunicación se produza, se fose adapta-la existente ou instalar unha nova coa finalidade de permiti-lo acceso ós servizos en cuestión, o copropietario ou o arrendatario non poderán levar a cabo ningunha obra.

b) No suposto de que non existise a infraestrutura, non fose hábil para a prestación do servizo ó que desexen accede-lo copropietario ou o arrendatario ou

non se instalase unha nova nin se adaptase a preexistente no referido prazo de tres meses, o comunicante poderá realiza-la obra que lle permita a recepción dos servicios de telecomunicacións correspondentes. Se calquera outro copropietario ou arrendatario solicitase, con posterioridade, beneficiarse da instalación das novas infraestructuras comúns ou da adaptación das preexistentes que se levasen a cabo ó abeiro deste artigo, poderán ser autorizados, sempre que cumpran o previsto no segundo inciso do artigo 4.2.

Artigo 10. Consideración da infraestructura para os efectos da Lei de arrendamentos urbanos.

A instalación ou a adaptación dunha infraestructura considerárase como obra de mellora para os efectos do establecido no artigo 22 da vixente Lei 29/1994, do 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos.

Artigo 11. Réxime sancionador.

1. O incumprimento polo promotor ou o constructor da obriga que lle impón o artigo 3 nos edificios de nova construción será constitutivo de infracción moi grave e castigarase con multa de 5.000.001 pesetas ata 50.000.000 de pesetas, graduándose o seu importe conforme os criterios establecidos no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. Considerárase infracción leve o incumprimento polos copropietarios ou arrendatarios do disposto no artigo 6 e será sancionado con multa de ata 5.000.000 de pesetas, graduándose o seu importe conforme os criterios indicados na alínea anterior.

3. Correspóndelle a imposición das sancións previstas nas alíneas precedentes ó Secretario xeral de Comunicacións do Ministerio de Fomento. A actuación administrativa iníciase de oficio ou mediante denuncia, e resolverase, logo de comprobación dos feitos polos servicios de inspección do Ministerio de Fomento e instrución do correspondente procedemento.

4. No non previsto neste Real Decreto-lei, rexerá, no relativo ó réxime sancionador, o establecido na lexislación de telecomunicacións e na citada Lei 30/1992.

Disposición derogatoria única. Eficacia derogatoria.

Queda derogada a Lei 49/1966, do 23 de xullo, sobre antenas colectivas, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste Real Decreto-lei.

Disposición derradeira primeira. Facultades de desenvolvemento.

Autorízase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do presente Real Decreto-lei.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este Real Decreto-lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no "Boletín Oficial del Estado".

Dado en Madrid o 27 de febreiro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

5184 LEI 2/1998, do 3 de marzo, sobre o cambio de denominación das provincias de La Coruña e Orense. («BOE» 54, de 4-3-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que esta lei viren e entenderen. Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 2.1, establece que a denominación actual das provincias de Galicia é La Coruña, Lugo, Orense e Pontevedra.

A denominación das capitais das provincias de La Coruña e Orense é A Coruña e Ourense, respectivamente, tal como quedou establecido no Decreto da Xunta de Galicia 146/1984, do 27 de setembro, de conformidade coa Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece, no seu artigo 10, que «os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega».

O Real decreto do 30 de novembro de 1833 establece no artigo 1 que as provincias tomarán o nome das súas capitais respectivas, salvo as de Álava, Navarra, Guipúscoa e Biscaia, que conservan as súas actuais denominacións.

O Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, dispón no artigo 25.2 que «só mediante lei aprobada polas Cortes Xerais pode modificarse a denominación e capitalidade das provincias».

Na actualidade segue manténdose o nome oficial de La Coruña e Orense para as ditas provincias, cando a realidade é que ámbolos dous topónimos veñen utilizándose coas denominacións A Coruña e Ourense, respectivamente, gozando de plena aceptación popular por parte dos cidadáns, que os usan a diario.

Por outra banda, estas denominacións da Coruña e Ourense aparecen xa escritas desta forma en documentos que datan do século XIII, o que supón un claro referendo á argumentación de que aquelas responden a unha realidade lingüística, histórica e mesmo tradicional.

Por todo o anterior se propón a seguinte lei.

Artigo 1.

A actual provincia de La Coruña denominárase oficialmente A Coruña, en concordancia co nome oficial da Coruña que ten recoñecida a súa capitalidade.

Artigo 2.

A actual provincia de Orense denominárase oficialmente Ourense, en concordancia co nome oficial de Ourense que ten recoñecida a súa capitalidade.

Disposición derradeira única.

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 3 de marzo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

(Esta lei inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado», número 98, de data 24 de abril de 1998.)